



Concello de Vilaboa

Expediente 110/2025

PROPOSTA DE NORMATIVA PARA A ADOPCIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

É vontade desta concellaría a adopción dunha Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social de acordo coa seguinte motivación e coa toma en consideración dos seguintes aspectos, previstos polo artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Resolver as situacións de emerxencia que afecten ás persoas ou familias ás que lles sobreveñan situacións de necesidade ao vérense privados dos medios de vida mínimos vitais.

A súa finalidade é a de dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan.

A regulación pretende servir de apoio para aquelas persoas, familias, ou unidades de convivencia que carecen de recursos económicos para satisfacer as súas necesidades básicas, ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Considérase precisa a aprobación desta norma co obxecto de resolver a concesión das axudas de emerxencia social de acordo cun procedemento que garanta as notas de transparencia e seguridade xurídica e no que deberá intervir activamente o persoal responsable dos servizos sociais comunitarios de Vilaboa.

c) Obxectivos da norma

Establecer a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico xestionadas pola Concellería de Servizos Sociais do Concello de Vilaboa, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o seu procedemento de concesión.

d) Posibles solución alternativas, regulatorias e non regulatorias

Resulta necesario acordar os instrumentos normativos cos que conta o Concello para regular a concesión de axudas de emerxencia social e permitir a súa difusión xeral a través das canles de publicidade que son de aplicación.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos propostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no portal de transparencia da sede electrónica municipal (<https://vilaboa.sedelectronica.es>) e na web municipal (<https://vilaboa.gal>).





Concello de Vilaboa

Lugar de Presentación:

a) Rexistro do Concello (En papel ou de forma electrónica a través da sede (<https://vilaboa.sedelectronica.es>)).

b) Calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vilaboa

A Concelleira delegada de servizos sociais

(Asinado dixitalmente)

